

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	ECOcosmética - Cosmética verde		
ETAPA:	Educación primaria	NIVEL:	Terceiro ciclo (5º e 6º de E.P.)
ÁREAS:	Ciencias da natureza, ciencias sociais, e lingua galega.	PROFESORADO:	Carol Sestelo Bouzada
DESCRIPCIÓN:			
O obxectivo desta tarefa é a creación , como produto final, de cosméticos naturais e sostibles co medio ambiente para concienciar tanto ó alumnado como os seus fogares. Ditos produtos, así como as experiencias, serán compartidas no III Congreso dos ODS.			
XUSTIFICACIÓN:			
Despois de concienciar o alumnado sobre a necesidade do coidado co medio mariño como berce de biodiversidade, na xestión do plástico que consumimos e das substancias nocidas dos cosméticos e produtos de hixiene de uso diario nos nosos fogares; centrámonos na acción, que podemos facer nós para contribuir a solucionar este problema. Co ODS 14, vida submarina presente, vamos a crear os nosos propios cosméticos naturais, investigando as etiquetas e sendo respetuosos coa entorna.			
			
CONTEXTO:			
Personal, escolar, social e familiar.			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

SESIÓNS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<p>Sesión 1. Que era a cosmética convencional? Caixa de aprendizaxe</p> <p>Introdución: caderno de equipo.</p> <p>Momento 1: Que recordamos do primeiro trimestre? Chuvia de ideas mediante a ferramenta: <i>mentimeter.com</i></p> <p>Momento 2: Pomos a proba a nosa memoria coa ferramenta <i>Quizziz</i></p> <p>Momento 3: A historia dos cosméticos: liña do tempo.</p>	<p>CN-CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p> <p>CS-CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.</p> <p>CS-CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.</p> <p>LGL-CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.</p> <p>LGL-CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas,</p>	<p>Ideas recollidas en <i>mentimeter.com</i></p> <p>Avaliación inicial a través de <i>quizziz</i></p> <p>Produto final: liña do tempo</p>

	individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	
<p>Sesión 2. Invitamos a un experto</p> <p>Momento 1: Elaboración da entrevista 1, 2, 4</p> <p>Momento 2: Charla e preguntas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ringana - Kooch Green Cosmetics - Carmen, bióloga especializada en augas termais e peloides. <p>Momento 3: Que cosméticos queremos crear? <i>Folio xiratorio</i></p>	<p>CN-CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.</p> <p>CS-CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.</p> <p>LGL-CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p>	<p>Folla da rutina de pensamento: 1, 2, 4.</p> <p>Observación sistemática en lista de cotexo.</p> <p>Folla da entrevista.</p> <p>Folla do folio xiratorio.</p>
<p>Sesión 3. Investigamos</p> <p>Momento 1: organización do traballo e bosquexo</p>	<p>CN-CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p>	<p>Folla da organización do traballo e bosquexo como instrumento de avaliación formativa.</p> <p>Producción final: mapa conceptual.</p>

<p>Momento 2: investigación en libros/web</p> <p>Momento 3: elaboración do mapa conceptual</p>	<p>CN-CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.</p> <p>LGL-CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.</p>	
<p>Sesión 4. Creamos e avaliamos</p> <p>Momento 1: creación da nosa propia marca e logo</p> <p>Momento 2: elaboración do cosmético</p> <p>Momento 3: avaliación</p>	<p>CN-CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.</p> <p>CN-CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.</p>	<p>Rúbrica para avaliar os equipos compañeiros.</p> <p>Lista de cotexo do mestre (produto).</p> <p>Caderno de equipo para avaliar cargos e compromisos nos equipos.</p> <p>Observación sistemática (Círculo).</p>
<p>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</p>		
<p>C2.7 - Pautas para un coidado saudable e sustentable. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos.</p> <p>C4.1.2 - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: Estratexias de procura de información seguras e eficientes na Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).</p> <p>C4.1.3 - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</p>		

C4.2.3 - Proxectos de deseño e pensamento computacional: Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.

C4.2.6 - Proxectos de deseño e pensamento computacional: Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.

C4.2.8 - Proxectos de deseño e pensamento computacional: Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

C4.2 - Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.

C2.2.3 - Xéneros discursivos: Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.

C6.3 - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES / EJERCICIOS

Sesión 1. Que era a cosmética convencional? Caixa de aprendizaxe

Presentamos a caixa de aprendizaxe con materiais utilizados no primeiro trimestre. Utilizáremola durante a primeira sesión como apoio visual.

Introdución: caderno de equipo.

Establecemos os cargos para este ámbito, un obxectivo común de equipo, un compromiso individual realista a cumprir e a función principal de cada un dos cargos coa súa sinatura.

Momento 1: Que recordamos do primeiro trimestre? Chuvia de ideas mediante a ferramenta: *mentimeter.com*

A través da web *mentimeter.com*, lanzamos unha pregunta (Que foi o que recordas do primeiro trimestre?) e cada alumno o cubre de maneira individual e logo pomos en común as ideas resultantes.

Momento 2: Pomos a proba a nosa memoria coa ferramenta *Quizziz*

Repasamos conceptos clave como: microplásticos, green washing, blanqueamento dos corais, parabenos... de maneira amena mediante *quizziz* e esta ferramenta sérvenos como avaliación inicial. Revisamos en gran grupo os resultados.

Momento 3: A historia dos cosméticos: liña do tempo.

Repartimos a cada equipo oito tarxetas con información sobre a historia dos cosméticos nas diferentes etapas da historia.

Nun primeiro momento, dámoslle 5 minutos para ordenadas dende a máis antiga ata a máis contemporánea. Despois, debuxamos a liña do tempo entre todos lo taboleiro e vámolos situando.

Por último, por grupos deben elaborar a súa propia liña do tempo e resumir as tarxetas.

Sesión 2. Invitamos a un experto

Momento 1: Elaboración da entrevista (1, 2, 4)

Momento 2: Charla e preguntas

- Ringana
- Kooch Green Cosmetics
- Carmen, bióloga especializada en augas termais e peloides.

Momento 3: Que cosméticos queremos crear?

Folio xiratorio

Sesión 3. Investigamos

Momento 1: organización do traballo e bosquexo

Nesta sesión vamos a escoller qué cosmético queremos elaborar e para iso, debemos seguir o organizador de traballo e débense cumprir premisas como: que sexa viable, seguro, materiais sustentables, para usar todas e todos...

Momento 2: investigación en libros/web

Unha vez escollido cada equipo, é o momento de investigar cómo é a súa elaboración, que ingredientes se necesitan, materiais e os pasos a seguir.

Momento 3: elaboración do mapa conceptual

Plasmamos a información nun mapa conceptual que usaremos como referente o próximo día

Sesión 4. Creamos e avaliamos

Momento 1: creación da nosa propia marca e logo

En equipo, escollemos un nome e un logo que identifique ó noso produto. Elaboramos as etiquetas dos ingredientes que leva.

Momento 2: elaboración do cosmético

Seguindo o mapa conceptual, pómonos mans a obra para facer o noso cosmético.

Momento 3: avaliación

Avaliamos tanto o produto final (os cosméticos), como o traballo en equipo, o noso compromiso e o cargo.

Para rematar, facemos un círculo para compartir experiencias e reflexións.

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES/EXERCICIOS	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Sesión 1. Que era a cosmética convencional? Caixa de aprendizaxe	AULA	GRAN GRUPO	CAIXA E MATERIAIS MANIPULATIVOS COAS TARXETAS DAS ACTIVIDADES	5 MIN
Introdución: caderno de equipo.	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	CADERNO DE EQUIPO	20 MIN
Momento 1: Que recordamos do primeiro trimestre? Chuvia de ideas mediante a ferramenta: <i>mentimeter.com</i>	AULA	INDIVIDUAL E GRAN GRUPO	PORTÁTIL EDIXGAL MENTIMETER.COM	15 MIN
Momento 2: Pomos a proba a nosa memoria coa ferramenta <i>Quizziz</i>	AULA	INDIVIDUAL E GRAN GRUPO	PORTÁTIL EDIXGAL QUIZZIZ	20 MIN
Momento 3: A historia dos cosméticos: liña do tempo.	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	OITO TARXETAS CON DATOS DOS COSMÉTICOS EN DIFERENTES MOMENTOS HISTÓRICOS	90 MIN

			AS MESMAS TARJETAS EN LECTURA FÁCIL	
			CARTOLINAS E CORES	
Sesión 2. Invitamos a un experto Momento 1: Elaboración da entrevista 1, 2, 4	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS E GRAN GRUPO	PLANTILLA RUTINA DE PENSAMENTO PLANTILLA RUTINA DE PENSAMENTO ADAPTADA FOLLA ENTREVISTA E FOLLA ENTREVISTA ADAPTADA	60 MIN
Momento 2: Charla e preguntas - Ringana (equipo 1). - Kooch Green Cosmetics (equipo 2). - Carmen, bióloga especializada en augas termais e peloides (equipo 3 e 4).	AULA	GRAN GRUPO	FOLLA ENTREVISTA E FOLLA ENTREVISTA ADAPTADA	90 MIN

Momento 3: Que cosméticos queremos crear? <i>Folio xiratorio</i> <i>* Rematar a liña do tempo de ser necesario</i>	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS E GRAN GRUPO	FOLIO XIRATORIO E FOLIO XIRATORIO ADAPTADO PIZARRA	50 MIN
Sesión 3. Investigamos Momento 1: organización do traballo e bosquexo	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	FOLLA ORGANIZADOR FOLLA ORGANIZADOR MAPA CONCEPTUAL	30 MIN
Momento 2: investigación en libros/web	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	LIBROS E PORTÁTIL EDIXGAL	30 MIN
Momento 3: elaboración do mapa conceptual	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	CARTOLINAS E CORES	90 MIN
Sesión 4. Creamos e avaliamos Momento 1: creación da nosa propia marca e logo	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	PORTÁTIL EDIXGAL PAPEL ADHESIVO CORES	50 MIN
Momento 2: elaboración do cosmético	AULA	EQUIPOS COOPERATIVOS	Cera de abella, manteca de karité, aceite de almendra, envases, esencias, recipientes...	100 MIN

Momento 3: avaluación	AULA	INDIVIDUAL EQUIPOS COOPERATIVOS GRAN GRUPO	CADERNO DE EQUIPO	50 MIN
-----------------------	------	---	-------------------	--------

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	Lista de cotexo Escala de valoración	Observación sistemática Análise de documentos <ul style="list-style-type: none"> - Caderno de equipo - Produtos finais <ul style="list-style-type: none"> - Liña do tempo - Mapa conceptual - Cosmético natural elaborado
PRÁCTICA DOCENTE	Lista de cotexo	Reflexión do traballo realizado
DESEÑO DA TAREFA	Lista de cotexo	Reflexión do traballo realizado

LISTA DE COTEXO PRIMEIRA SESIÓN

	Si	Non
Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.		

<p>Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.</p>		
<p>Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.</p>		
<p>Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.</p>		

<p>Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.</p>		
--	--	--

LISTA DE COTEXO SEGUNDA SESIÓN

	Si	Non
<p>Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.</p>		
<p>Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.</p>		

<p>Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p>		
---	--	--

ESCALA DE VALORACIÓN: CUARTA SESIÓN

Criterio de avaliación	4	3	2	1
<p>CN-CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.</p>				

CN-CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.				

LISTA DE COTEXO PRÁCTICA DOCENTE

	Si	Non
Bo clima de traballo e confianza no aula.		
Adaptación das actividades a todo o alumnado, incidindo no alumnado NEAE.		
Utilización de estruturas cooperativas e rutinas de pensamento.		
Resolución de conflitos que poidan xurdir.		
Transmite o contido de maneira clara e precisa e ten dominio do mesmo.		
Xestiona eficazmente o tempo.		
Emprega materiais e soportes variados.		
Fomenta a participación do alumnado.		
Proporciona retroalimentación constructiva e útil.		